

ÍNDICE

- 1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
- 2.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- 3.-COMPETENCIAS CLAVE**
- 4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO**
- 5.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA**

1.-Estándares de aprendizaxe.

1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.
2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
3. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
4. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
5. Recoñece partes do propio corpo.
6. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
7. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.
8. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
9. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.
10. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.
11. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.
12. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.
13. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.
14. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.
15. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.

16. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.

17. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

2.-AVALIACIÓN

Como establece a LOMCE esta será continua, global e integradora e se fará tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados establecidos no decreto 105/2014.

Terá tres momentos: **inicial** para diagnosticar a situación de partida, **continua** para regular o proceso e **final** para valorar o grao de consecución dos obxectivos.

Criterios de avaliación

1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.
2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
3. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
4. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.
5. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.
6. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.
7. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.

8. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.

.-Criterios de cualificación

Segundo os distintos instrumentos de avaliación empregados na aula os resultados obtidos en cada un deles terán un peso determinado na avaliación xeral da Área.

ÁREAS	INSTRUMENTOS DE EVALUACIÓN	%	INDICADORES
C.Naturais	REGISTRO DE PEQUEÑAS PRUEBAS ORALES Y ESCRITAS CON CONOCIMIENTOS BÁSICOS DE LA MATERIA	25%	-Identifica de forma oral el vocabulario básico de la unidad, utilizando el apoyo visual. -completa oraciones con palabras sencillas, seleccionando entre varias opciones y siguiendo un modelo dado - Lee palabras y oraciones sencillas relacionándolas con imágenes
	Observación directa de Trabajo en el aula	50%	- Plantea y contesta preguntas sencillas. - Participa activamente en el aula utilizando la lengua inglesa. -Interactúa en conversaciones sencillas con ayuda. Muestra regularidad y constancia en el trabajo diario. - Realiza los ejercicios de clase; fichas, ejercicios, exposiciones, lecturas de forma autónoma -Realiza pequeños proyectos de aula imitando un modelo dado -Trabaja con orden y limpieza -Trabaja en silencio cuando se requiere -Trabaja activamente en equipo. -Finaliza el trabajo a diario

Actitud y Comportamiento	25%	- Respetar las intervenciones del resto de sus compañeros/as y del profesor. - Cuidar el material de aula y Centro. - Muestra buena disposición hacia las indicaciones del profesor. - Colabora con el grupo y muestra disposición hacia el aprendizaje. - Se esfuerza por participar en las tareas comunicativas del aula. - Muestra interés por el aprendizaje de la materia.
--------------------------	-----	--

O criterio de cualificación para a terceira Avaliación farase en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións, mellorando cun punto, aqueles alumnos que realicen as actividades propostas de maneira eficaz. En ningún caso, a nota poderá ser inferior dada a situación actual de estado de alarma:

40% -nota da 1º Avaliación

40% - nota da 2º Avaliación

20% - traballo realizado polos alumnos.

Valorando:

- O traballo na casa

Criterios de avaliación:

- ☐ Nomea e identifica as partes do corpo sinaladas nos contidos.
- ☐ Adopta hábitos de saúde e benestar.
- ☐ Identifica os animais salvaxes-granxa e mamíferos-aves.
- ☐ Distingue as partes dunha planta: raíz, talo e follas.

- ❑ Distingue alimentos de orixe animal e vexetal.
- ❑ Nomear distintos tipos de materiais.

3.-COMPETENCIAS CLAVE

Á hora de avaliar o nivel competencial do noso alumnado teremos en conta a seguinte táboa na que se establece a relación que teñen cada un dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da área de Lengua e Literatura castelá con cada unha das competencias claves que establece o currículo

	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	X	X	X	X		X	X
Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.		X		X		X	
Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.		X		X	X	X	
Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.		X			X		

Recoñece partes do propio corpo.		X			X		
Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	X	X			X		
Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.		X			X		
Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.		X			X		
Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.		X				X	
Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	X	X					
Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	X	X					
Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.		X					
Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.	X	X	X	X		X	
Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.		X			X	X	

Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.		X			X		
Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.		X					
Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	X	X			X		
Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.		X			X	X	
Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	X	X	X				
Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.		X	X				

6.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES TIPO

Traballar de xeito competencial supón un cambio metodolóxico importante. Os alumnos han de iniciarse en coñecer e utilizar técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos.

Os coñecementos científicos intégranse no currículo da educación primaria para proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu

medio natural. O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual (saber dicir), un coñecemento relativo ás destrezas (saber facer) e un coñecemento con grande influencia social e cultural e que implica un conxunto de valores e actitudes (saber ser).

Esta área artículase en torno a 5 bloques:

Iniciación á actividade científica.

Oriéntase basicamente aos coñecementos necesarios para a planificación, realización e posterior comunicación dos resultados de tarefas integradas, proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións. Integra así coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais necesarios para o desenvolvemento dos catro bloques restantes tendo, polo tanto, carácter fundamental e transversal para o desenvolvemento da área.

O ser humano e a saúde.

Integra coñecementos, habilidades e destrezas encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención de condutas de risco e a desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo/a para valorarse como diferente, respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.

Os seres vivos

Oriéntase fundamentalmente ao coñecemento, respecto e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación aos outros reinos e ao interese por conservar a biodiversidade.

ACTIVIDADES TIPO

Levaremos a cabo diferentes tipos de actividades que poñan en funcionamento capacidades de acción-reflexión dos alumnos por iso as súas características serán:

- Motivadoras, coeducadoras, gratificantes, útiles.
- Cércanas a realidade e características dos alumnos.
- Creativas.
- Actividades individuais e grupais.
- Flexibles na súa realización.

As actividades son de ampliación e reforzo dos contidos que demos ata o de agora. Entre as actividades propostas están:

Reforzo do primeiro e segundo trimestre de **C. Naturais** e webs que permiten repasar as asignaturas a través de xogos ou actividades dixitais.

EDUTECA un canal de youtube, onde repasarán as unidades propostas nestas semanas de:

- C. Naturais-**
- Os seres vivos
 - Animais vertebrados e invertebrados
 - O corpo humano. Os sentidos
 - A saúde. Hábitos saudables. A pirámide de alimnetos
 - Os materias e as súas propiedades

Durante o día poden resolver dúbidas a través do correo proporcionado.

Como titora da clase de 1º A ,todas estas acción están realizadas en coordinación cos demais profesores que imparten outras asignaturas na aula, como Educación artística , Physical education and English.

17.-INFORMACIÓN Á ALUMNOS EN ESTADO DE ALARMA

A aula de 1ºA, decidíu comunicarse cos seus alumnos a través dunha conta correo Google a través da cal semanalmente envíaselle aos alumnos unha serie de fichas para que poidan traballar durante estes días ce confinamento. As fichas farannas 1 de cada asignatura ao día.